



Nigrán,
memoria dunha guerra
1936-1939

Juan A. González

Primeira edición, marzo 2008
Segunda edición revisada e ampliada, febreiro 2014

© do autor: Juan A. González

Maquetación: Ramón Pais Martínez

© da edición
Edicións do Cumio, S. A.
Polígono ind. A Reigosa, parcela 19
36827 Ponte Caldelas, Pontevedra
Tel.: 986 761 045
cumio@cumio.com / www.cumio.com

© Reservados todos os dereitos
Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos titulares, agás excepción prevista pola lei.

Diríxanse a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos)
se precisan fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra
(www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 47).

ISBN: 978-84-8289-478-2
Impresión: Global Mail & Print
Depósito legal: VG 48-2014
Impreso en Galicia

Agradecementos

As fontes documentais utilizadas foron sobre todo a testemuña dos veciños e veciñas do Val Miñor, os expedientes procesais das cadeas de Vigo, San Simón e Pontevedra, os libros de rexistros de defuncións dos xulgados de paz da Ramallosa e Baiona e os arquivos municipais de Baiona e Nigrán.

A fonte oral imprescindible é a que lle temos que agradecer a súa participación foron:

Vicente Rodríguez Veiga de Panxón, José Vázquez de Nigrán, José Areal de Panxón, Rosa Giménez de Mañufe, Juan Manuel Alonso «O Reino» de Mallón, Pablo Alejos de Nigrán, Manuel Guisande de Priegue, Rosa Alonso de Priegue, Severino Crespo do Viso, Antonio Roade da Ramallosa, Inocencio Alonso de Camos, Daniel Pazó de Camos, Antonio Pereira da Cabreira, Argentino Valverde «O Fanchuco» de San Pedro, Manuel González de Parada, Ramón Besada da Ramallosa, Carmen Cabreira do Souto, Ángel Leal do Souto, María Villar de Panxón, Marisa Niel de San Pedro, José Ballesteros do Porriño, Sara González do Viso, Bernardino Sanromán de Panxón, Alba de Parada, Matilde Santalla de Sabarís, Enriqueta Fernández da Cabreira, Ramón Miranda de Mallón, Maruja Niel da Ramallosa, Fermín Barros de Panxón, Eugenio Aballe natural de Panxón pero residente en Buenos Aires, Manuel González González de Baíña-Baiona, Manuela Lijó Mijón de Baiona, Vicente Valverde natural de

Panxón e residente en Canido-Vigo, José Rodríguez Freire de Baiona, Álvaro Fernández, Emilio «O Muiñeiro» de Baiña-Baiona, Filomena García Carballo de Baiona, Pepita de Paulino de Baiona e Eulalia Veiro Vidal de Parada-Nigrán.

Tamén foi de grande importancia a axuda de Rosendo García, Antón Mascato, Nano Cambeiro, Chus Pereira, Ángel González Crespo «Gelucho», Chus Beiro, Jesús Bouzas, Bernardo, Alfonso R. Fouces, M.^a Luz Roade, Foto Folgar, Bernardo Canitrot, Jesús Bouzas, Xosé Lois Vilar, Daniel Vaz Varela, Pilar Vázquez Grela, Estela Portabales, Ana M.^a Álvarez Franco, José Trigo e Ana Vieitez.

A Ana pola súa inestimable axuda,
a Antonio e a miña familia.

*“A Liberdade é o mais importante,
é coma o aire que respiramos,
sin liberdade non hai nada.”*

Inocencio Alonso Misa

*“Poneis en mis manos a España.
Mi mano será firme, mi pulso no
temblará y yo procuraré alzar a
España al puesto que le corresponde
conforme a su Historia, y
que ocupó en épocas pretéritas.”*

Francisco Franco¹

Introdución

Hai xa algúns anos estiven tentado a escribir algunha pequena historia sobre o que aconteceu durante os anos da Guerra Civil en Galicia, a busca de información sobre todo nos arquivos da cadea de Vigo e ao contacto con moitas daquelas persoas que viviron directamente a traxedia de seu fruto en xaneiro de 1996 ca publicación de *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón*, o libro resultou unha escolma de documentación e testemuñas sobre a utilización do Lazareto como cadea.

Estábase a abrir unha porta de cara a novas posibilidades, xa que a grande cantidade de material que nun momento estivera nas miñas mans e as inmensas posibilidades que se lle pode sacar a historia oral,

¹ Frases do caudillo. *Folleto del Combatiente* n.º 1. 28 de febreiro de 1938.

fixome comprobar que en cada vila xurdían co ano 1936 complexas e na maioría dos casos descoñecidas historias das que é herdeira directa a nova democracia que agora disfrutamos.

Todo truncouse cando por motivos laborais nos desplazamos a vivir primeiro a Palma de Mallorca (1993-1994) e logo a República Dominicana (1995-1997), aínda así a idea seguía revoloteando incesantemente, sen lugar a dúbidas a volta a Galicia tería que verse directamente relacionada ca investigación e traballo en algún dos aspectos da Guerra Civil. De todos os xeitos non cheguei a imaxinarme que todo iba a acontecer dunha maneira tan repentina, os poucos meses de regresar ponse en contacto conmigo o concelleiro de Cultura do Concello de Nigrán, Rosendo García, propoñéndome a posibilidade de facer un pequeno libro sobre o que aconteceu en 1936 en dito concello, dende o primeiro momento pareceume unha moi boa idea e pouco despois estaba enrolado no proxecto editorial da Concellaría.

Así foi como escomezouse a fraguar a historia que agora é xa unha realidade. En «Nigrán, memoria dunha guerra 1936-1939», recóllese, basándose fundamentalmente en documentación de arquivo e sobre todo na historia oral, o que realmente aconteceu no concello durante os anos da Guerra Civil, sácanse a luz moitas historias que estiveron agachadas durante anos na memoria das xentes e que si non apurá-bamos un pouco con eles iban deixar de existir.

Non se pretende con isto abrir vellas feridas xa cicatrizadas, nin danar con algún comentario a persoas ou familiares que participaron no conflito e espero que así o comprendan, o único obxectivo é sacar a luz todo aquilo que estivo soterrado durante tantos anos, así como tributar a merecida homenaxe a todos aqueles homes e mulleres que tiveron que pagar ca súa vida, ca cadea ou ca represión a inxustiza dunha guerra, homes esquecidos os que lle temos que agradecer o seu encono na loita pola democracia e a liberdade. Istos son os verdadeiros protagonistas da historia que teñen diante, eles son o fío condutor da mesma e a quen, sen lugar a dúbidas, teño que dedicar por completo este estudo, pois soio grazas a súa actitude e as súas testemuñas podemos achegarnos un pouco mais o que aconteceu en Nigrán en 1936.

Esta 2.^a Edición está revisada e ampliada con novos datos sobre a represión durante os días e meses posteriores o Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936.

CAPÍTULO I

ANTECEDENTES, NOVAS ESPERANZAS

Despois do triunfo do Frente Popular nas eleccións do 16 de febreiro de 1936² a situación política en España trocouse de maneira importante. A victoria conseguiuuse por un estreito marxe, o Frente Popular, a unión de todo-los partidos da esquerda, obtería 4 700 000 votos, as dereitas 3 997 000 votos, o centro uns 449 000 votos e os nacionalistas uns 130 000. Dacordo ca lei electoral do ano trinta e dous, escrita especialmente para estimular a formación de coalicións e evitar un Parlamento fragmentado, o fronte de esquerdas conseguiría 257 deputados, a dereita 132 e o centro 57, quedando aínda uns 20 escanos a decidir nunha segunda volta. O Frente Popular, integrado polos socialistas, Izquierda Republicana (o partido de Manuel Azaña), Unión Republicana de Martínez Barrios e os comunistas, levou o 80 por cento dos escanos xa que recibiu mais do 50 por cento dos votos. Ademais dos partidos da dereita o gran perdedor das eleccións ía ser o centro, o fronte do que estaba o actual xefe de Goberno, Manuel Portela Valladares.

Esta victoria produxo unha grande expectación entre a crase traballadora pero o mesmo tempo unha enorme confusión entre as clases mais pudientes. Algúns chegaron a pensar que ca convulsión existente socialistas e anarquistas alzaríanse en armas, outros creerían que íban ser as dereitas as que darían un golpe de estado³.

2 En Nigrán quedaría o Goberno Municipal presidido polo alcalde Manuel Alonso González e os concelleiros, Manuel Sanromán (tenente alcalde), Manuel G. Vidal, Manuel Estévez, Pedro Salgueiro, Rogelio Rodríguez, José N. Sanromán, Manuel Costas, Eugenio Núñez, Manuel Misa e Joaquín Iglesias Portela.

3 Brenan, Gerald. "El Laberinto Español", Plaza y Janés, 1984 e Jackson, Gabriel. "La República española y la guerra civil", Orbis, 1987.

Vicente Rodríguez⁴: “O día das eleccións eu formaba parte da mesa electoral que estaba disposta no colexio de abaixo como representante do Partido Comunista, na miña mesma mesa estaba o Mogimes⁵, que actuaba como vicepresidente, e tamén o mestre D. Álvaro Mourelle, que era o presidente da mesa. Aquel día o Mogimes quixo gastarme unha broma pesada decíndome que xa miraba a quen viña representando e que iso íbase a ter en conta. O profesor entón saíu na miña defensa e díxolle: «Bueno Mogimes, no se alarme tanto, a mi me gustan las personas que piensan ya que las que no lo hacen andan toda su vida a remolque.»”

José Vázquez⁶: “Según contaba miña nai, o avó estaba entusiasmado pola victoria da esquerda nas eleccións do 36. Tiñan moitas esperanzas e as expectativas eran moitas sobre todo de cara o benestar dos obreiros e a mellora do ensino.”

Juan Cabreira Sanromán⁷: “Eu ía a escola do mestre de Nigrán, D. José Vázquez Grela, era un auténtico mestre da República e unha gran persoa, ía andando dende a casa e alí aprendín moito do que hoxe sei. O mestre xa se sabía que andivera a apoiar o estatuto de Galicia do 36 e ata participara nun mitin no torreiro das Angustias que, se non lembro mal, ata viñera Castelao. Tamén fora meu pai e eu da súa man, era unha festa e nós non íamos a perdela. Respirábase un aire de liberdade e, a pesar daquel tempo, vivíase ben e iso a algúns señoritos non lle gustaba moito.”

O primeiro ministro, Portela Valladares, declarou mais tarde que Gil Robles e o xeneral Franco lle propuxeran un golpe militar antes

4 Vicente Rodríguez Veiga, solteiro, natural e veciño de Panxón, de 26 anos cando é detido, pertencía ao Partido Comunista e era o secretario da Sociedade de Obreiros da Construción de San Pedro. Condenado por Auxilio a rebelión a 20 anos de cadea.

5 José Mogimes, coñecido construtor de Panxón. Entre outras obras fixo a do Templo Votivo.

6 José Vázquez é neto de José Vázquez Grela, mestre de Nigrán e presidente do Consello de Primeira Ensinanza durante a República.

7 Juan Cabreira Sanromán, «O Champán» «O Zapateiro da Porquería» (Nigrán 1928 - Panxón 2010).

de que se reuniran as Cortes.⁸ Portela Valladares dimite antes da constitución do Parlamento e o presidente da República, Alcalá Zamora, encarga a Manuel Azaña a formación de goberno, nada mais acceder a xefatura do goberno declarou que: «No queremos innovaciones peligrosas. Necesitamos paz y orden. Nosotros somos moderados», nun afán de tranquilizar a toda-la clase social que atopábase expectante ante o acceso da esquerda o poder.

A pesar dos esforzos de Azaña o país pasaba por un proceso convulso e efervescente no que as folgas promovidas pola CNT ou os enfrontamentos e tiroteos entre socialistas e falanxistas sucedíanse día tras día. Así a movida primaveira de 1936 desemboca en folgas diarias de casi-que todo-los oficios pedindo aumentos de salarios, redución de horas de traballo ou o pago de xornais perdidos mentras estiveran presos co goberno das dereitas. No campo os labradores sen terra e os pequenos campesiños pedían lugares onde asentarse e traballar⁹.

Entre tanto Galicia, aproveitando a victoria do Frente Popular, preparábase para as eleccións de xuño nas que se votaría o Estatuto de Autonomía, xa aprobado en Cataluña e o País Vasco. Os partidos galeguistas organizaban a seus mais destacados dirixentes co único fin de conseguir-lo voto afirmativo do pobo galego e ca esperanza de sacar a Galicia da súa secular crise económica e social, así como conseguir dunha vez por todas rachar co centralismo político e administrativo. Pero Galicia non era allea a convulsión social que había no resto do estado, as folgas multiplicábanse, os obreiros loitaban nas rúas por unhas condicións que gobernos anteriores lle negaran.

José Areal¹⁰: “Houbo folgas, moitas folgas porque antes vivíase nunha miseria, non había nada ¡qué carallo!, ¡entrabas nunha casa e nin tan siquiera había onde sentarse! Había moito abuso da patronal.”

8 Brenan, Gerald: “El Laberinto Español”, Plaza y Janés, Barcelona, 1984.

9 Brenan, Gerald: “El Laberinto Español”, Plaza y Janés, Barcelona, 1984.

10 José Areal, detido cando contaba con 23 anos estivo preso nas cadeas de Baiona, Vigo, San Simón e Astorga. Pasou catro anos e medio en prisión. Ver expediente.

Rosa Giménez¹¹: “Antes da guerra houbo unhas eleccións e as gañaron os do puño en alto, pero duraron pouco. Eu tamén era comunista, ¿qué iba a ser sinón?, traballaba como obreira nunha fábrica de pasta. Íbamos a Casa do Pobo a protestar, necesitábanse moitas cousas, casas para mulleres solteiras e con fillos, que daquela había moitas, quería axuda-lo obreiro, o pobre, as mulleres que traballaban nas fábricas de conservas..., todo estaba moi mal pero é que o Rei fixéranos pasar moitas calamidades e este goberno quería ver polos obreiros e nos tiñamos que decirlle cales eran nosos problemas, que eran moitos. A Casa do Pobo de Vigo estaba en García Barbón, dábanse mitins, protestábase pero non se facía nada malo. Antes da guerra houbo moitas folgas”.

O Reino¹²: “Había moitas folgas e manifestacións porque non había traballo e pasaran as eleccións e claro, había desordes. A República empezou o 14 de abril de 1931. Despois no 36 houbo outras eleccións, xusto antes de estoupar o movemento”.

O mesmo tempo a dereita conspira en silencio, nos cuarteis os mandos militares comezan a fraguar o que mais adiante sería o golpe militar, na rúa a Falanxe, formada en gran parte por xóvenes estudantes e cunha mínima base traballadora, organizábase ca crenza firme no terrorismo e a violencia, seus fins eran aumenta-lo desorde e a confusión ate o punto de que as clases pasivas véranse obrigadas a rebelarse e clamar por un troco de goberno.

Vicente Rodríguez: “A xente estaba ansiosa co cambio e claro que houbo algo de melloría, pero a dereita xa estaba militarizándose e mentras os obreiros comezaban a organizarse en sindicatos para intentar colocar a xente.”

11 Rosa Giménez Fernández, de 84 anos de idade veciña de Mañufe, pasou os primeiros tempos da guerra en Vigo. Seu marido Antonio Pérez Delgado loitara no bando nacionalista en Castela e Extremadura.

12 Juan Manuel Alonso, de 88 anos, veciño de San Pedro da Ramallosa, viviu de perto todo o movemento e loitou do bando nacionalista no fronte do Ebro.

Ante esta situación de inseguridade e violencia o Goberno Civil de Pontevedra, con Gonzalo Agra ao fronte, intenta calmar a situación tumultuosa e remite, o 3 de abril, aos concellos da provincia o seguinte comunicado:

El Gobierno tiene el propósito firme de evitar toda alteración de orden, por lo que representan los tumultos y motines, tanto por que pueden degenerar en asaltos e incendios de edificios religiosos, centros políticos y domicilios particulares, dando una lamentable situación de inseguridad y llevando al ánimo de los ciudadanos la intranquilidad y el desasosiego.

Para conseguirlo ha de ponerse a prueba el tacto, la firmeza y la decisión de las autoridades que, con las fuerzas de que disponen, mantendrán una constante vigilancia para garantía de los mencionados edificios.

Si surgiere alguna provocación por parte de elementos derechistas que dieran motivo a una posible reacción popular de carácter tumultuario, se atajará en el acto, deteniendo a los provocadores, que serán puestos a disposición de mi autoridad.

Cuidará esa Alcaldía de un modo especial, el más exacto cumplimiento de estas instrucciones, con la advertencia de que la lenidad en el ejercicio de las funciones que como delegado para el mantenimiento del orden público le incumben, llevará consigo la suspensión en el ejercicio del cargo, sin que ello excluya responsabilidades de otro orden.

Lonxe de estabilizarse a situación co paso dos meses, e a pesar dos innumerables esforzos levados a cabo polo novo goberno do Frente Popular, os problemas arreciaban. As folgas, apoiadas polos partidos da esquerda mais extrema e os sindicatos e na banda mais oposta os altercados e desestabilización que provocaban os da dereita mais radical, minaban unha tranquilidade social que cada vez era mais incontrolable. O novo alcalde de Vigo, Emilio Martínez Garrido (que poucos meses despois sería fusilado xunto cos seus concelleiros nos muros do cemiterio de Pereiró) fai chegar ao alcalde electo de

Nigrán, Manuel Alonso (elexido en xuño de 1931 e reelexido nas eleccións do 21 de febreiro de 1936, tra-lo intervalo na alcaldía de Ángel Costas) o seguinte comunicado provinte do Goberno Civil:

“EN EL IMPROPRORROGABLE TÉRMINO DE 24 HORAS SE SERVIRÁ INFORMARME POR TELÉGRAFO NÚMERO DE CONCEJALES DE ELECCIÓN POPULAR QUE SE HALLAN EJERCIENDO ACTUALMENTE EL CARGO NOMBRE DE LOS MISMOS Y SU FILIACIÓN POLÍTICA PUNTO TRASLADE ESTE TELEGRAMA A LOS AYUNTAMIENTOS MÁS INMEDIATOS QUE CAREZCAN DE TELÉGRAFO”.

A medida respondía ó intento por parte do Goberno de ter o control absoluto da política dos concellos e dos membros dos grupos de goberno, co fin de evitar desmáns a nivel municipal así como intrusionas de grupos non democráticos nas políticas locais. Pero estas medidas non daban o froito necesario e os problemas continuaban e acrecentábanse co paso dos días, chegado o mes de xuño e a sabendas de que un golpe militar parecía inminente grupos da extrema dereita patrullaban as rúas impondo unha lei que non tardaría en formar parte da legalidade; os grupos de esquerda mais extremistas e traballadores que non atoparon na victoria das esquerdas aquela utopía dunha mellora na súa situación veron na Igrexa aquel inimigo co que saldar a deuda histórica da súa represión económica e social.

Rosa Giménez: *“Naquela época mirouse a Igrexa e os curas como os responsables de moitas desgrazas que tiñan os obreiros, ademais eles vivían como condes e nós os pobriños estábamos sempre a pasar penurias era por iso que entrábase nas igrexas e rompíanse as imaxes e insultábase as mulleres cando saían da misa.”*

Pablo Alejos¹³: *“Claro que houbo moitos desordes antes da guerra, todos querían mellorar e aproveitábase que estaban as esquerdas no Goberno. En Nigrán ¿quen era o alcalde?, isto non é como agora,*

ninguén quería ser alcalde, ¿para qué?, meterse en líos. Ademais eu nin sei quen era, ningúen o coñecía, iso sí era un home da República, non lembro o seu nome pero penso que era de Priegue e chamábanlle «Manoel do Alcalde», era un home de campo, hasta non sei si sería muiñeiro.”

José Areal: *“O alcalde daque-la era Manuel Alonso «O Muiñeiro», meu pai era primo carnal del, eran de Priegue, el estivo preso algún tempo, despois soltáronno. Tamén prenderan a súa muller e de feito no meu xuízo tamén estaba ela, tampouco lle botaron moitos anos e saíu pronto da cadea.”*

Vicente Rodríguez: *“Manuel Alonso, que era o alcalde, tamén estivo despois preso, era republicano e participaba nos mitins das eleccións, pero quen mais participaba era a súa muller que parece mandaba mais que el, bueno así era coñecida como a «Alcaldesa», despois tamén estivo na cadea.”*

Manuel Guisande: *“O alcalde de Nigrán era Manuel «O Muiñeiro», daquela tiñan unha tenda que levaba Rosiña a súa muller e claro ademais era muiñeiro.”*

Rosa Alonso¹⁴: *“Meu avó estivera emigrado en Brasil traballando na Compañía Muxiana, na construción das liñas de ferrocarril, alí namorouse da miña avoa Rosario Ruiz Pascual que era navarra, familiar dos marqueses de Cubas. Despois voltaron e asentáronse en Figueiró-Goián onde tiñan un aserradeiro, a morte dunha filla fixo que quixeran deixar aquilo e foi cando se trasladaron a vivir aquí, traballaba de muiñeiro e o colleron para alcalde no ano 1931, logo deixou a alcaldía e foi de novo elexido en febreiro de 1936, xa por aquela tiñan tamén a tenda. Miña avoa era unha muller moi culta e iso nunca llo iban a perdoar.”*

¹³ Pablo Alejos Valverde, coñecido polo «Batalla», natural e veciño de Nigrán de 84 anos de idade. Pertenceu o Sindicato de Mariñeiros de Panxón sendo detido en outubro de 1936. Estivo confinado na cadea de Vigo e na Colonia Penitenciaria da illa de San Simón. Ver expediente carcelario.

¹⁴ Neta de Manuel Alonso González, vive en Priegue o lado da casa onde vivía o seu avó. Recordada aínda con tristura todos aqueles feitos que deixaron marcada a toda a familia por varias xeracións, bota de menos unha rúa co nome de Manuel Alonso, alcalde democrático que pagou ca cadea e casi-que ca súa vida a súa obsesión por face-lo ben para as xentes de Nigrán.